

Sala 2

Para a elaboración desta serie, Sucasas interesouse por descubrir en libros e códices a historia do Camiño e, como fixera anos antes, dirixiuse ás fontes históricas da pintura, á súa relación cos textos sacros. Polos temas abordados veremos o grao de sensibilización cara aos grandes asuntos da mitoloxía cristiá, asociados á relixión católica, que foron así mesmo fonte de inspiración para anteriores mestres de raizame europeo. E Sucasas, neste aspecto, canaliza as súas eleccións situándoas no ámbito da Ruta Xacobea, engadindo, ademais, outros argumentos que se verán reflectidos nas pinturas creadas e referidas a momentos cotiáns das xentes que peregrinan a Compostela. Todas elas intégranse nunha ampla listaxe de obras que tamén podemos denominar de tradición compostelá, pois debemos lembrar os vínculos de Sucasas coa cidade na que viviu. Penetrou nos seus segredos, captando a riqueza do seu patrimonio arquitectónico e escultórico, os costumes das xentes, e o ambiente das rúas... En definitiva, a atmosfera particular da urbe milenaria.

Galicia ofreceulle a inspiración necesaria para engrandecer a súa obra; nalgúns momentos, as escenas creadas teñen un claro parentesco co mundo surrealista de Valle Inclán, coas "xentes" de Cunqueiro, cos personaxes disparatados que poboan *O bosque animado* de Fernández Flórez, ou coas quixotescas situacións cervantinas; a lectura desa literatura fantástica, quimérica, motivou o artista á hora de lle dar un contido aos seus seres cotiáns e humildes, sumidos nunha existencia monótona que se reflicte nas figuras redondeadas, levemente escultóricas e próximas na súa expresividade ao mundo "baconiano".